

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE ACHEGA A DOAZÓN DE SANGUE ATA O EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA XUNTA DE GALICIA EN LUGO

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), dentro da campaña de recollida de doazóns de sangue en empresas e organismos públicos, visitará hoxe, luns 26 de xaneiro, o edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.

Todos os traballadores e traballadoras que desexen doar sangue poderán facelo na unidade móbil da Axencia que estará estacionada na Ronda da Muralla (Porta de San Fernando) das 09:30 ás 14:30 horas e das 15:30 ás 21:00 horas.

A ADOS ten visitado en 60 ocasións, desde o ano 2004, as instalacións do edificio administrativo da Xunta de Galicia na cidade de Lugo obtendo, no transcurso destas visitas, un total de 1.347 doazóns de sangue. Neste sentido, a Axencia quere agradecer a colaboración de todos os traballadores e traballadoras que teñen participado activamente nalgunha ocasión nas campañas de doazón de sangue.